

PREMIOS XVII CERTAME DE MICRORRELATOS

CATEGORÍA A

1º PREMIO- Isaac Vicario Piñeiro (1º da ESO)

O meu nome é Ender

Ola. O meu nome é Énder e vivo no fin para que a xente non queira matarme xa que son un monstro. No fin vivo feliz. Construí unha casa con madeira e rocha do fin. Adestro con outros monstros da miña especie. Os enderman convivimos cos shulker.

2º PREMIO. Irene Rojo Meijide (2º da ESO)

Catorce primaveras

Intúese cando comeza pero non cando remata. Este sentir que ruboriza a pel ao mesmo tempo que te enche de grans. Os adultos que te rodean, máis alterados ca ti coas túas catorce primaveras. Moitos ríos de tinta corren intentando axudalos a superar tal situación. Dificil adiviñar se sofren máis eles ca ti. O amor é infinito e iso é o que importa. Ao final é todo moito máis sinxelo, tan sinxelo coma dar...unha aperta en silencio.

CATEGORÍA B

1º PREMIO- Camilo Pablo Rodríguez Espasandín (1º Bacharelato)

Ven

O vello carballo plantárono os rapaces da unitaria do meu avó unha tarde de primavera. Situado en Prado da Ponte semellaba ser o director de orquestra da auga e paxaros da aldea. Lembro os días que pasei lendo ao seu carón. Co tempo marchei estudar á cidade. Escoitei: “ven”. Collín o primeiro autobús e fun. No Prado da Ponte só había toros.

2º PREMIO- Lucía Domínguez Castiñeira (1º Bacharelato)

Un paso máis

Na beirarrúa esquerda sitúase un automóbil, non seu interior, unha persoa cun aparello característico na orella, observa atentamente unha rapaciña que terá uns trinta anos, coma min, só que eu tres anos caninos. As súas faccións non amosan tranquilidade, máis ben nervios. A rapaza comezou a correr e a persoa do automóbil no mesmo intre comezouna a seguir. Eu corrín tras elas ata acadalas. De súpeto tireime enriba da que tiña un aparello na orella, entramos en contacto e sou un forte estrondo.

Proba superada, agora poderei esquecer as simulacións e comezar coas situacións reais da raza humana.